

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA

Este texto foi redactado polo Departamento de Educación Plástica do IES Nº 1 de Ribeira tendo en conta as Instrucións publicadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 27/04/2020, para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/2020, quedando suxeito a posteriores modificacións dacordo a futuras instrucións, así como ás indicacións da inspección educativa.

### Educación plástica , Visual e Audiovisual

#### 1.- Aprendizaxes imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación

##### 1º ESO

- ❖ Analizar de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas identificando a importancia do punto, liña e plano.
- ❖ Realizar composicións gráfico-plásticas baseadas en formas orgánicas nas que se experimente co valor expresivo do punto, a liña e o plano e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor e a presión exercida na aplicación. Realizar composicións gráfico-plásticas libres co concepto de ritmo.
- ❖ Realizar composicións con elementos xeométricos aplicando conceptos de proporción, equilibrio e ritmo.
- ❖ Coñecer cores primarias e secundarias, e características (saturación, ton e luminosidade).
- ❖ Diferenciar texturas táctiles e visuais, e introducilas como un elemento expresivo máis.
- ❖ Manexar axeitadamente as técnicas usadas en cada traballo: lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro nas composicións. Iniciación a técnicas húmidas con acuarelas. Aproveitar materiais reciclados para elaborar obras de xeito responsable co medio amosando as súas calidades gráficas. Manter o espazo de traballo e o material en orde, en perfecto estado e a disposición.
- ❖ Trazar rectas paralelas, transversais e perpendiculares , utilizando escuadra e cartabón
- ❖ Construír unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás.
- ❖ Dividir a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxar coa regra o hexágono regular e o triángulo equilátero que se posibilita.
- ❖ Identificar os ángulos de 30º, 45º, 60º e 90º na escuadra e no cartabón.
- ❖ Sumar ou resta ángulos positivos ou negativos con regra e compás.
- ❖ Construír a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás
- ❖ Sumar ou restar segmentos, sobre unha recta, medindo coa regra ou utilizando o compás.
- ❖ Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra.
- ❖ Dividir un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales.
- ❖ Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos.
- ❖ Construír un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas.
- ❖ Clasificar correctamente calquera cuadrilátero.

##### 3º ESO

- ❖ Crear composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos.
- ❖ Reflexionar e avaliar, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- ❖ Comprender e empregar os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosqueños, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
- ❖ Representar con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
- ❖ Aplicar con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas ao obxectivo da actividade. Crear composicións aplicando lapis de grafito ou cor de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Realizar composicións con técnicas húmidas as súas posibilidades expresivas. Crear co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. Manter o espazo de traballo e o material en orde, en perfecto estado e a disposición.
- ❖ Explicar verbalmente ou por escrito os lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.)
- ❖ Clasificar calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando se é regular ou irregular.
- ❖ Construír correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
- ❖ Resolver axeitadamente casos de tanxencia entre circunferencias e rectas.
- ❖ Construír correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior, o menor ou ambos.
- ❖ Construír do ovoide coñecido o eixe menor, o eixe maior ou ambos.

##### 4º ESO

- ❖ Realizar composicións artísticas seleccionando os elementos da linguaxe plástica e visual.

- ❖ Realizar obras plásticas, aplicando as leis de composición, esquemas de movemento e ritmos, usando os materiais e técnicas con precisión e tentar cambiar o significado da obra coa cor.
- ❖ Manter o seu espazo de traballo e o material en perfecto estado achégandoo cando necesite.
- ❖ Aplicar o proceso de creación artística e as súas fases á produción de proxectos.
- ❖ Analizar e explicar usando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra de arte, os soportes, os materiais, técnicas graficoplásticas que a constitúen, e os seus elementos compositivos.
- ❖ Coñecer os elementos e as finalidades da comunicación visual, observando e analizando os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade, usando a linguaxe visual e verbal.
- ❖ Identificar e clasificar obxectos en función da familia ou a rama do deseño.
- ❖ Realizar perspectivas cónicas, central y oblicua, elixindo o punto de vista mais adecuado.

## 2.-Criterios de cualificación 1º, 3º e 4º ESO

Agora mesmo non temos o 100 % do alumnado con posibilidade de conexión; ( casos concretos en 1º ESO) e buscamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas, imprimindo material e facendoo chegar ao alumnado.

A terceira avaliación terá un carácter diagnóstico e formativo e en ningún caso o alumnado verá diminuída a súa nota polo traballo desenvolvido durante este terceiro trimestre, tal como establece a instrución do día 27/04/2020.

### Cualificación final

A cualificación final mínima do curso obterase facendo a media entre as cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación.

Tomando ésta como referencia, o alumnado cunha cualificación:

Inferior a 5 : poderá recuperar a 1ª e 2ª Avaliación. Despois poderán realizar actividades de reforzo e ampliación para unha subida de ata punto e medio (1,5).

Superior ou igual a 5: poderá conseguir unha subida de ata punto e medio (1,5) sobre a nota mínima final do curso.

▪ Instrumentos de avaliación: Realizarán e enviarán nunhas datas delimitadas as tarefas propostas a través das canles establecidas, Google Classroom, aula virtual, e correo electrónico, como se ven facendo dende a suspensión das clases presenciais.

As actividades propostas poderán incluír a resolución de exercicios e cuestións, probas online,...e estarán incluídas nalgún dos seguintes tipos:

Actividades de repaso: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación, co fin de consolidalos e reforzalos.

Actividades de recuperación: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación co fin de que o alumnado supere ditos estándares.

Actividades de ampliación: relacionadas cos estándares de aprendizaxe do curso co fin de amplialos e profundizar nos mesmos.

Actividades de reforzo : co fin de adquirir os estándares imprescindibles para o desenvolvemento das competencias básicas.

Levaráanse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX co fin de realizar o seguemento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclarar dúbidas, transmitir información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir.

## 3.- Mecanismos de recuperación. 1º,3º e 4º ESO

Recuperación de avaliacións suspensas: Para a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, proporáanse actividades relacionadas cos contidos impartidos no 1º e/ou 2º trimestre. Estas atoparíanse dispoñibles na Google Classroom e aula virtual do centro, o alumnado deberá envialas realizadas ó/a profesor/a para a súa corrección dentro do prazo establecido, a través de ditos medios e/ou mail.

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tivera demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas de recuperación (tanto da 1ª e 2ª avaliación) podería realizar actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterà cuestións con similar dificultade as realizadas nas actividades de recuperación.

Recuperación de materias pendentes: O alumnado con materias pendentes deste departamento estará obrigado a realizar as actividades propostas polo profesorado na aula virtual, e-mail,...para tal fin.

Para o alumnado que:

- Asistiu regulamente ás clases de pendentes ata o 13 de marzo e entregou as actividades

propostas terá aprobada a materia .

- Os alumnos que non asistiron as clases de pendentes, deberán resolver as tarefas propostas. Estas atoparíanse dispoñibles na aula virtual, e o alumnado deberá envalas realizadas ó/á profesor/a para a súa corrección dentro do prazo establecido, a través dos medios que se indiquen (aula virtual, correo electrónico...)
- Tal como consta na programación, aproba a materia pendente o alumnado que aprobe a do curso superior.

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tiveran demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas de recuperación de pendentes, podería realizar unha proba presencial. Esta proba conterá cuestións con similar dificultade as realizadas nas actividades de recuperación de pendentes.

Proba extraordinaria de setembro: Proba obxectiva baseada nalgúns dos estándares de aprendizaxe antes descritos.

## DEBUXO TÉCNICO I e DEBUXO TÉCNICO I (EPA)

### 1.- Aprendizaxes imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación

- ❖ Diseñar, modificar ou reproducir formas baseadas en redes modulares coa axuda do escuadro e o cartabón, utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
- ❖ Determinar coa axuda de regra e compás os principais lugares xeométricos de aplicación aos trazados fundamentais no plano.
- ❖ Relacionar as liñas e os puntos notables de triángulos, cuadriláteros e polígonos coas súas propiedades, e identifica as súas aplicacións.
- ❖ Comprender as relacións métricas dos ángulos da circunferencia e o círculo, describe as súas propiedades e identificar as súas posibles aplicacións.
- ❖ Resolver triángulos coa axuda de regra e o compás, aplicando as propiedades das súas liñas e os puntos notables, e os principios xeométricos elementais, e xustifica o procedemento utilizado.
- ❖ Diseñar, modificar ou reproducir cuadriláteros e polígonos analizando as relacións métricas esenciais e resolvendo o seu trazado por triangulación, radiación, itinerario ou relacións de semellanza.
- ❖ Reproducir figuras proporcionais determinando a razón idónea para o espazo de debuxo dispoñible, construíndo a escala gráfica correspondente.
- ❖ Comprender as características das transformacións xeométricas elementais (xiro, translación, simetría, homotecia e afinidade), identificando as súas invariantes, e aplícaas para a resolución de problemas xeométricos e para a representación de formas planas.
- ❖ Identificar as relacións entre puntos de tanxencia, centros e raios de circunferencias, analizando figuras compostas por enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia.
- ❖ Resolver problemas básicos de tanxencias coa axuda de regra e compás, aplicando con rigor e exactitude as súas propiedades intrínsecas, e utilizando recursos gráficos para destacar claramente o trazado principal elaborado das liñas auxiliares utilizadas.
- ❖ Aplicar os coñecementos de tanxencias á construción de óvalos, ovoides e espirais, e relaciona a súa forma coas principais aplicacións no deseño arquitectónico e industrial.
- ❖ Diseñar a partir dun bosquexo previo ou reproducir á escala conveniente figuras planas que conteñan enlaces entre liñas rectas e arcos de circunferencia, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- ❖ Comprender os fundamentos do sistema diédrico e describir os procedementos de obtención das proxeccións e a súa disposición normalizada.
- ❖ Diseñar ou reproducir formas tridimensionais sinxelas, debuxando a man alzada as súas vistas principais no sistema de proxección ortogonal establecido pola norma de aplicación, dispondo as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
- ❖ Visualizar no espazo perspectivo formas tridimensionais sinxelas definidas suficientemente polas súas vistas principais, debuxando a man alzada axonometrías convencionais (isometrías).
- ❖ Realizar perspectivas isométricas de corpos definidos polas súas vistas principais, coa axuda de utensilios de debuxo sobre taboleiro.

### 2.-Criterios de cualificación

Agora mesmo temos o 100 % do alumnado con posibilidade de conexión; si esto non fose así en algún momento buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas.

A terceira avaliación terá un carácter diagnóstico e formativo e en ningún caso o alumnado verá diminuída a súa nota polo traballo desenvolvido durante este terceiro trimestre, tal como establece a instrución do día 27/04/2020.

### **Cualificación final**

A cualificación final mínima do curso obterase facendo a media entre as cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación.

Tomando esta como referencia, o alumnado cunha cualificación:

Inferior a 5 : poderá recuperar a 1ª e 2ª Avaliación. Despois poderán realizar actividades de reforzo e ampliación para unha subida de ata punto e medio (1,5).

Superior ou igual a 5: poderá conseguir unha subida de ata punto e medio (1,5) sobre a nota mínima final do curso.

▪ Instrumentos de avaliación: Realizarán e enviarán nunhas datas delimitadas as tarefas propostas a través das canles establecidas, aula virtual, e correo electrónico, como se ven facendo dende a suspensión das clases presenciais.

As actividades propostas poderán incluír a realización, resolución de exercicios e cuestións, probas online,...e estarán incluídas nalgún dos seguintes tipos:

Actividades de repaso: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación, co fin de consolidalos e reforzalos.

Actividades de recuperación: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación co fin de que o alumnado supere ditos estándares.

Actividades de ampliación: relacionadas cos estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª co fin de amplialos e profundizar nos mesmos.

Levaráanse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX co fin de realizar o seguemento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclarar dúbidas, transmitir información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir.

### **3.- Mecanismos de recuperación.**

Recuperación de avaliacións suspensas: Para a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, proporanse actividades relacionadas cos contidos impartidos no 1º e/ou 2º trimestre. Estas atoparíanse dispoñibles na aula virtual, aula virtual do IES San Clemente (EPA), e o alumnado deberá envalas realizadas ó/á profesor/a para a súa corrección dentro do prazo establecido, a través dos medios que se indiquen (aula virtual, correo electrónico, WhatsApp EPA).

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tivera demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas de recuperación (tanto da 1ª e 2ª avaliación) podería realizar proba-actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterá cuestións con similar dificultade as realizadas nas actividades de recuperación.

Proba extraordinaria de setembro: Proba obxectiva baseada nalgúns dos estándares de aprendizaxe antes descritos.

## **DEBUXO TÉCNICO II e DEBUXO TÉCNICO II (EPA)**

### **1.- Aprendizaxes imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación**

- ❖ Determinar lugares xeométricos de aplicación ao debuxo aplicando os conceptos de potencia e inversión.
- ❖ Resolve problemas de tanxencia aplicando as propiedades dos eixes e centros radicais, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- ❖ Comprender a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.
- ❖ Resolver problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.
- ❖ Trazar curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía.
- ❖ Comprender as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.
- ❖ Aplicar a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.
- ❖ Deseña a partir dun bosquejo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.
- ❖ Comprender os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico, para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e verdadeira magnitude.
- ❖ Representar figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas.



- ❖ Determinar a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico.
- ❖ Representar superficies de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.
- ❖ Debuxar axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoñendo a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.
- ❖ Debuxar bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas
- ❖ Representar obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispoñendo a información relacionadas pola súa utilidade.

## 2.-Criterios de cualificación

Agora mesmo temos o 100 % do alumnado con posibilidade de conexión; si esto non fose así en algún momento buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas.

A terceira avaliación terá un carácter diagnóstico e formativo e en ningún caso o alumnado verá diminuída a súa nota polo traballo desenvolvido durante este terceiro trimestre, tal como establece a instrución do día 27/04/2020.

### Cualificación final

A cualificación final mínima do curso obterase facendo a media entre as cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación.

Tomando esta como referencia, o alumnado cunha cualificación:

Inferior a 5 : poderá recuperar a 1ª e 2ª Avaliación. Despois poderán realizar actividades de reforzo e ampliación para unha subida de ata punto e medio (1,5).

Superior ou igual a 5: poderá conseguir unha subida de ata punto e medio (1,5) sobre a nota mínima final do curso.

▪ Instrumentos de avaliación: Realizarán e enviarán nunhas datas delimitadas as tarefas propostas a través das canles establecidas, aula virtual, e correo electrónico, como se ven facendo dende a suspensión das clases presenciais.

As actividades propostas poderán incluír a realización resolución de exercicios e cuestións, probas online,...e estarán incluídas nalgún dos seguintes tipos:

Actividades de repaso: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación, co fin de consolidalos e reforzalos.

Actividades de recuperación: relacionadas cos estándares de aprendizaxe impartidos na 1ª e 2ª avaliación co fin de que o alumnado supere ditos estándares.

Actividades de ampliación : relacionadas cos estándares de aprendizaxe, progresando na programación correspondente á 3ª, co fin de acadar a programación do curso..

Levaranse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX co fin de realizar o seguemento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclarar dúbidas, transmitir información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir.

## 3.- Mecanismos de recuperación

Recuperación de avaliacións suspensas: Para a recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, proporanse actividades relacionadas cos contidos impartidos no 1º e/ou 2º trimestre. Estas atoparánse dispoñibles na aula virtual, aula virtual do IES San Clemente (EPA), e o alumnado deberá envialas realizadas ó/a profesor/a para a súa corrección dentro do prazo establecido, a través dos medios que se indiquen (aula virtual, correo electrónico, WhatsApp EPA).

Se previamente ás avaliacións finais, o profesorado e alumnado puidera incorporarse ao instituto, o alumnado que tivera demostrada a imposibilidade de ter realizadas as actividades telemáticas de recuperación (tanto da 1ª e 2ª avaliación) podería realizar proba-actividades presenciais de recuperación. Esta proba conterá cuestións con similar dificultade as realizadas nas actividades de recuperación.

Proba extraordinaria de xullo: Proba obxectiva baseada nalgúns dos estándares de aprendizaxe antes descritos.

## 4.-Información e publicidade. (INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS)

Utilizaráse a páxina web do instituto para colgar a adaptación da programación de todas as materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas. Ademais, o profesorado informará ao alumnado a través das canles establecidas.